

D. JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ, en calidade de SECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN da entidade mercantil INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A., con C.I.F. A-15683477, e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña baixo a folia SC-21.392, tomo 2.185, folio 213 do Arquivo, Sección Xeral, inscrición 1ª,

CERTIFICA:

1.- Que con data 15 de xuño de dous mil dezasete, ás dezaseis horas e quince minutos, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Excmo Concello de Santiago de Compostela, reuniuse o socio único e constituíuse a Xunta Xeral Ordinaria da sociedade municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. Unipersonal con carácter de UNIVERSAL.

2.- Que tras declararse validamente constituída, preside a Xunta D. MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ, e actúa como Secretario D. JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ, coa seguinte orde do día:

PUNTO 1: Aprobación das contas anuais e distribución de resultados relativos ao exercicio 2016.

PUNTO 2: Redacción, lectura e aprobación, se procede, da Acta da Xunta Xeral Ordinaria e designación dos membros da Asemblea que asinarán a acta por delegación.

3.- Que na Acta figura o nome de todos os asistentes que por unanimidade a aproban. A Acta foi asinada, por delegación dos presentes, polos seguintes Concelleiros, todos eles vogais do Consello de Administración da sociedade: D^a. Marta Lois González; D. Rafael Peña Vidal; D. Claudio Montiel Carracedo; D^a. María Antón Vilasánchez; D. Francisco Reyes Santiás e D. Rubén Cela Díaz.

4.- Que tras presentarse as CONTAS ANUAIS correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2016, formuladas polo Consello de Administración en data 30 de marzo de 2016, xunto co Informe de Auditoría e despois de diversas deliberacións, o socio único adopta entre outros os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2016, pechado a 31 de decembro de 2016, que se compoñen do Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, o Estado de Cambios do Patrimonio Neto e a Memoria, que foron formuladas polo Consello de Administración da sociedade con data 30 de marzo de 2017, seguindo o seu modelo abreviado.

As Contas Anuais aprobadas uniranse á acta da sesión formando parte integrante da mesma.

SEGUNDO: Aprobar a distribución dos resultados do ano 2016 nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO	2016
Saldo da Conta de Perdas e Ganancias	9.777,52
TOTAL BASE REPARTO = TOTAL APLICACIÓN	9.777,52
APLICACIÓN A	2016
Reservas voluntarias	9.777,52
TOTAL APLICACIÓN = TOTAL BASE DE REPARTO	9.777,52

TERCEIRO: Delegar a sinatura da acta de cada un dos membros da Asemblea na dos seguintes membros da Asemblea: D^a. Marta Lois González, D^a. María Antón Vilasánchez, D. Francisco Reyes Santiás e D. Rubén Cela Díaz.

IGUALMENTE CERTIFICA:

1.- Que no Balance de Situación aprobado recóllese un importe total das partidas de activo e de pasivo de 1.735.882,76 euros e un importe total das partidas de Patrimonio Neto de 367.031,51 euros. A Conta de Perdas e Ganancias aprobada presenta un resultado final despois de impostos, de 9.777,52 euros.

2.- Que a Sociedade pode formular as Contas Anuais de forma abreviada e non está obrigada a elaborar o Informe de Xestión nin o Estado de Fluxos de efectivo, de conformidade cos artigos 257, 258 e 262 do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.


3.- Que de conformidade co establecido no artigo 366.1-2º do Regulamento do Rexistro Mercantil, faise mención expresa, baixo fe do certificante, que as Contas Anuais formuladas polo Consello de Administración foron asinadas por todos os seus membros.

4.- Que as Contas Anuais foron sometidas a auditoría obrigatoria de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Real Decreto 1517/2011, de 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de Auditoría de Contas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2011, de 1 de xullo. Neste sentido, e mediante acordo do Pleno da Corporación do Concello de Santiago, constituído en Xunta Xeral Universal de INCOLSA, de data 15 de decembro de 2016, nomeouse como auditor titular da sociedade para os exercicios 2016-2018 (ambos inclusive) á firma García Mieres Auditores, S.L.. Con data 15 de abril de 2017, a devandita firma emite informe de auditoría favorable sen salvedades sobre as contas anuais correspondentes ao exercicio 2016. As contas anuais que se depositan correspóndense coas auditadas.


5.- Que a Sociedade non realizou operacións con accións propias durante o ano 2016.

En proba de conformidade, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2016, co visto e prace do Presidente do Consello de Administración.

O PRESIDENTE DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN


Dona Martiño Noriega Sánchez

O SECRETARIO DO CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN


Don José Ramón Alonso Fernández

JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ, VICESECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA),




CERTIFICO: Que o Consello de Administración da empresa municipal INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA), na sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2017, formulou as Contas Anuais da sociedade do exercicio 2016 nun documento de 35 páxinas, composto polo Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios do Patrimonio Neto e Memoria, así como a proposta de aplicación do resultado.

O Balance de situación aprobado recolle un importe total das partidas de activo e de pasivo de 1.735.882,76 euros e un importe total das partidas de Patrimonio Neto de 367.031,51 euros. A Conta de Perdas e Ganancias aprobada presenta un resultado final despois de impostos, de 9.777,52 euros.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente co Visto e Prace do Sr. Presidente a 29 de maio de dous mil dezasete.


Vº. E PRACE.

O PRESIDENTE



D. Martiño Noriega Sánchez

O VICESECRETARIO



D. José Ramón Alonso Fernández